



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL (RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR)

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro do 2021 realizarase próximamente neste centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do colexio.

A organización e supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do centro
- Un mestre ou mestra
- Un pai ou nai ou titor legal
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do decreto 324/1996 do 26 de xullo (DOG 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo día 27, mércores, as 11.30 horas.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que próximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Camariñas, 25 de outubro do 2021

A directora do centro



Sandra Isabel Rama Romar